

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*EXTRACTO da Orde do 2 de setembro de 2021 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado que non curse os estudos dentro do programa da Rede de Centros Plurilingües no curso 2021/22 (código de procedemento ED531C).*

BDNS (Identif.): 582901.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Centros privados concertados con ensinanza de educación secundaria, bacharelato e/ou formación profesional.

Segundo. *Obxecto*

Regular o procedemento de solicitude e concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a centros privados concertados con ensinanza de educación secundaria, bacharelato e/ou formación profesional, para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 2 de setembro de 2021 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado que non curse os estudos dentro do programa da Rede de Centros Plurilingües no curso 2021/22.

Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 150.000 euros.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: x1f689m0-1jj3-r0g2-qax7-fyrqt10xddz3

